



# Informe actividades UNINOVA Xaneiro 2014 - marzo 2015

Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras, S.L.

ÍNDICE:

|       |  |           |
|-------|--|-----------|
| 1     | INTRODUCCIÓN .....                                 | 3         |
| 2     | SERVIZOS A EMPRENDEDORES .....                     | 4         |
| 2.1   | <b>SENSIBILIZACIÓN E FORMACIÓN .....</b>           | <b>4</b>  |
| 2.2   | <b>APOIO Á CONSTITUCIÓN- RED PAE .....</b>         | <b>12</b> |
| 2.3   | <b>INCUBACIÓN .....</b>                            | <b>13</b> |
| 2.3.1 | ESPAZOS EDIFICIO EMPRENDIA .....                   | 13        |
| 2.3.2 | INCUBACIÓN VIRTUAL .....                           | 17        |
| 2.4   | <b>PROGRAMAS DE MOBILIDADE INTERNACIONAL .....</b> | <b>18</b> |
| 2.4.1 | ERASMUS FOR YOUNG ENTREPRENEURS .....              | 18        |
| 2.4.2 | REDEMPRENDIA .....                                 | 21        |

## 1 INTRODUCCIÓN

UNINOVA - Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais innovadoras, S.L., ten por obxecto social a potenciación e o desenvolvemento de iniciativas empresariais a partir da investigación e do desenvolvemento tecnolóxico da Universidade de Santiago de Compostela co gallo de contribuír á consolidación na cidade de Compostela dun tecido produtivo e de servizos avanzados con claro matiz innovador.

Desde que comezou a súa andadura no ano 1999, Uninova dedícase á detección e ao asesoramento de emprendedores universitarios coa finalidade de promover a creación de empresas e a partir do ano 2010 inclúe tamén, entre as súas actividades, a xestión dos espazos do Edificio EMPRENDIA, que ten como finalidade servir de base física para potenciar a transferencia de tecnoloxía e o desenvolvemento de iniciativas empresariais partindo da investigación universitaria.



No presente informe recóllense as actividades realizadas por Uninova no primeiro trimestre do ano 2015.

## 2 SERVIZOS A EMPREENDEDORES

### 2.1 SENSIBILIZACIÓN E FORMACIÓN

Durante o ano 2014, co obxectivo de promover e dinamizar o interese polo emprendemento dentro da comunidade Universitaria, organizáronse diferentes accións formativas e outras actividades enfocadas a identificar, captar e asesorar proxectos empresariais, como o Programa Argos, o Curso Iniciativa Emprendedora da EOI ou o Programa Akademia. Algunhas destas accións están a ter continuidade nos primeiros meses do ano 2015 como as sesións do programa Akademia ou algunhas relacionadas co Programa ARGOS 2014.

No que respecta ás peticións de información e asesoramento empresarial, no período que abarca o presente informe foron atendidos en Uninova un total de 14 novos proxectos, 10 no ano 2014 e catro no primeiro período do 2015. Entre o mes de setembro de 2014 a febreiro de 2015 foron derivados a outras áreas un total de 5 emprendedores.

Ademais dos novos proxectos empresariais atendidos no período deste informe, traballouse de xeito continuado cos proxectos anteriores que na actualidade seguen requirindo asesoramento e acompañamento.

A continuación pasase a describir as accións formativas as que facemos referencia no primeiro paragrafo deste documento:

#### PROGRAMA “ARGOS – CREANDO EQUIPOS EMPREENDEDORES”



A AVTE, Uninova e as Facultades de Ciencias Económicas da USC en colaboración co **Concello de Santiago**, co **Concello de Lugo**, co **Igape** e coa **GAIN** puxeron en marcha a mediados do 2013 a primeira edición do “Programa ARGOS – Creando Equipos Emprendedores”, orientado á constitución e adestramento de equipos emprendedores. Fronte á visión individualista do emprendemento, no que só ten cabida un único perfil de persoa (extrovertida, polifacética, multicompetencial, ...), propónse un novo modelo no que poidan participar persoas con distintos perfís de aptitudes e

competencias para conformar un equipo de traballo eficiente e innovador. Este programa engade ao obxectivo previamente exposto, a oportunidade de mobilizar e transferir coñecemento xerado nos departamentos e laboratorios da USC, poñéndoos ao servizo dun plan de negocio no que non necesariamente debe participar persoal do grupo que xerou tal coñecemento.

Baseándose nunha sistemática de “*aprender facendo*” e contando con recursos técnicos e o apoio de mentores especializados, os equipos desenvolveran a súa idea de negocio e serán asesorados no proceso de constitución e lanzamento das iniciativas.

Ao longo do ano 2014 desenvolveuse a segunda edición do programa, dando comezo no mes de maio e estruturándose nas seguintes etapas:

**ENRÓLATE**, na que tivo lugar a inscrición de 38 persoas de 17 titulacións diferentes e na que se puxo a disposición dos usuarios información “on line” sobre innovación en emprendemento. O período de inscrición estivo aberto dende o 21 de abril ata o 9 de xuño.

Para dar a coñecer e difundir o programa levaronse a cabo as seguintes accións:

- Publicación de información no Xornal USC.
- Envío da información ás listas de estudantes da USC e listas de investigación.
- Comunicación a todos os directores/as de másteres.
- Comunicación a todos os decanos das facultades.
- Redes Sociais (Facebook e Twitter Argos).
- Envío de información aos alumnos do curso Akademia e EOI.
- Colocación de carteis en todas as facultades.

Presentacións do programa en aulas:

| FACULTADE        | DATA       | Nº ASISTENTES |
|------------------|------------|---------------|
| Presentación EOI | 28/04/2014 | 24            |
| ETSE             | 02/05/2014 | 15            |
| ETSE             | 02/05/2014 | 22            |
| ADE              | 05/05/2014 | 30            |
| ECONOMÍA         | 05/05/2014 | 45            |
| MATEMÁTICAS      | 05/05/2014 | 30            |
| ADE              | 06/05/2014 | 30            |
| MATEMÁTICAS      | 06/05/2014 | 34            |
| FARMACIA         | 06/05/2014 | 30            |
| FARMACIA         | 06/05/2014 | 20            |

|                              |            |            |
|------------------------------|------------|------------|
| <b>DEREITO</b>               | 07/05/2014 | 40         |
| <b>DEREITO</b>               | 07/05/2014 | 35         |
| <b>FARMACIA</b>              | 08/05/2014 | 13         |
| <b>FÍSICA</b>                | 08/05/2014 | 15         |
| <b>CIENCIAS DA EDUCACIÓN</b> | 08/05/2014 | 4          |
| <b>TOTAL</b>                 |            | <b>388</b> |

### FASE I: SESIÓNS INFORMATIVAS E ADESTRAMENTO PARA O TRABALLO EN EQUIPO.

Nesta fase organizáronse catro accións formativas coa intención de dotar a todos os inscritos dunhas nocións básicas sobre o Modelo Canvas, o traballo en equipo e o plan de empresas. Ademais, levouse tamén a cabo unha xornada de adestramento en exterior (outdoor training) dun día de duración para potenciar a dinámica de traballo en equipo.

O calendario destas accións formativas, eminentemente prácticas foi o seguinte:

#### O TRABALLO EN EQUIPO

Duración: 2 horas.

Docentes: Raquel Freire e Nuria Fernández de UN-EM

Data: 04/09/2014

Horario: 17.00 a 19.00 horas.



Lugar: Aula 14 da Facultade de ADE Santiago de Compostela

#### OUTDOOR TRAINING

Duración: 8 horas.

Docente: Raquel Freire, Nuria Fernández e Marcos Paz. Data:

11/09/2014

Horario: 9.00 a 18.00 horas.



Lugar: Estación de Bioloxía Mariña A Graña. Ferrol.

### **O MODELO CANVAS**

Duración: 2 horas.

Docentes: José Manuel Rebolo

Data: 15/09/2014

Horario: 17.00 a 19.00 horas.



Lugar: Aula de Formación do Edificio Emprendia.

### **O PLAN DE EMPRESA. I PARTE.**

Duración: 2 horas.

Docente: Fernando Martínez Valdueza

Data: 18/09/2014

Horario: 16.00 a 18.00 horas.



Lugar: Aula 14 da facultade de ADE Santiago de Compostela.

### **O PLAN DE EMPRESA. II PARTE.**

Duración: 2 horas.

Docente: Fernando Martínez Valdueza

Data: 12/11/2014  
Horario: 16.00 a 18.00 horas.



Lugar: Aula de Formación Edificio Emprendia. Campus Vida.

## FASE II: O TEU ARGO. CONSTRUÍNDO O EQUIPO.

Nesta fase os aspirantes manifestaron as súas preferencias polas ideas ou resultados de investigación cos que lles gustaría traballar. Que previamente foron expostos xunto coas ideas propias dos argonautas.



Organizáronse os seguintes grupos de traballo, no que polo menos un dos seus integrantes posúe coñecementos de xestión empresarial:

- NEXOS.
- MOBILIZA
- NOSTRACKER
- SILICOM DESIGN SOLUTIONS, ARITHMETIC
- AOS (ADVANCED OPTICAL SOLUTIONS)

## FASE III: CONSTRÚE O TEU PROXECTO: APRENDER FACENDO.

Os equipos baixo a titorización de persoal experto asignado polo programa ARGOS desenvolveron o seu plan de empresa entre novembro



de 2014 e febreiro de 2015, cunha dedicación de aproximadamente 60 horas. Os emprendedores tiveron acceso a diferentes espazos dedicados ao “co-working” ubicados no Edificio EMPRENDIA, na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (Campus de Santiago) e na Facultade de Administración e Dirección de Empresas (Campus de Lugo). Adicionalmente, ao longo desta fase realizáronse, o 27 de novembro de 2014, como accións formativas complementarias dúas visitas a empresas: Innolact, S.L. e Galchimia, S.L.

## AVALIACIÓN FINAL E PREMIOS

Os Plans de empresa finalizados foron presentados ante un Xurado para a súa valoración e outorgamento de dous premios en función da categoría dos proxectos: ARGOS SPIN e ARGOS ENXEÑO.

Presentación ante o Xurado. Día 24 de febreiro de 2015. Horario de 10.00 a 11.00. Lugar: Sala de Xuntas e Aula de Formación do Edificio Emprendia.



| Orde das Intervencións |   |
|------------------------|---|
| 10.00-10.10            | AOS   |
| 10.15-10.25            | MOBILIZA  |
| 10.30-10.40            | NEXOS   |
| 10.45-10.55            | NOSTRACKER  |
| 11.00-11.10            | SILICON DESIGN SOLLUTIONS,<br>ARITHMETIC PROCESSORS |

Entrega de Premios. Día 27 de febreiro de 2015. Horario: 11.00. Lugar: Salón Reitoral do Colexio de San Xerome.



Gañadores:



**CATEGORÍA ARGOS SPIN:** Gañador o proxecto **NOSTRACKER.** Productos e servizos para a monitorización e análise da reputación online

**CATEGORÍA ARGOS ENXEÑO:** Gañador o proxecto **NEXOS:** Consultoría histórica, tratamento de documentación xurídica e investigación histórica a medida

#### OUTRAS COLABORACIÓNS NO EIDO DO EMPRENDEMENTO:

##### ➤ ACCIÓN FORMATIVA “INICIATIVA EMPRENDEDORA”



**iniciativa  
emprenedora**  
proceso de creación de novas empresas



No marco da estratexia de alianzas da Universidade de Santiago de Compostela con axentes implicados na promoción do emprendemento, a AVTE e Uninova colaboraron na organización, ao longo do ano 2014, da II edición da acción formativa “Iniciativa Emprendedora: proceso de creación de empresas”.

Esta formación, impartida pola Escola de Organización Industrial (EOI) nos campus de Santiago e Lugo, é unha iniciativa conxunta do **Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo** e do **Ministerio de Educación, Cultura e Deporte**.

Esta actividade teórico - práctica, de carácter gratuito, está dirixida principalmente a persoas matriculadas nun máster da Universidade de Santiago, pero tamén está aberto a alumnos de últimos anos de grao, de postgrao, de doutoramento e egresados dos últimos anos en paro.

No ano 2014 organizáronse no campus de Santiago de Compostela dous cursos, un no primeiro semestre do ano, do 3 de abril ao 8 de maio e que contou cun total de 24 inscritos e o outro no segundo semestre, do 10 de novembro ao 11 de decembro con un total de 25 inscritos.



No que vai do ano 2015, pecháronse os acordos pertinentes para a posta en marcha ao longo do ano de dúas novas accións formativas coa EOI , a celebrar, ao igual que en anos anteriores, unha no primeiro semestre e outra no segundo semestre.

➤ **PROGRAMA “AKADEMIA”**

¡¡Buscamos mentes inquietas!!



**Programa Akademia**

Té dunha oportunidade de facer un curso online para fomentar tu espírito innovador y emprendedor. ¡No lo dejes escapar!

Martes 2 de octubre  
Sala de Grados a las 12h  
Facultad de Ciencias Económicas y Empresariales  
Avda. de Burga, s/n. Campus Novo  
Santiago de Compostela

[www.fundacionbankinter.org](http://www.fundacionbankinter.org)

USC Área de Economía, Transaccións e Emprendemento  
Centro de Estudos de Economía e Innovación

Fundación Bankinter  
Mentor Social

A AVTE e Uninova colaboran coa **Fundación da Innovación Bankinter**, na organización do Curso de Innovación 360º do programa Akademia.

Este curso está dirixido a estudantes de último ano de carreira, máster e posgrao, aos que se lles ofrece unha formación moi valorada por empresas e institucións.

A través do proxecto Akademia preténdese estimular unha actitude proactiva en innovación e

espertar o espírito emprendedor, proporcionando unha visión global da innovación, facilitando o acceso a novas tecnoloxías como un medio natural e próximo, e fomentando a xestión e adaptación ao cambio.

## 2.2 APOIO Á CONSTITUCIÓN- RED PAE

No ano 2010, dende Uninova iniciáronse os trámites necesarios ante o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio (Dirección Xeral de Política da Empresa) para a concesión dun Punto de Asesoramento e Inicio de Tramitación (PAIT). Como resultado destas xestións foi asinado o 21 de abril de 2010, un convenio de colaboración coa Administración Xeral do Estado que ratifica a concesión do devandito PAIT a Uninova, quedando este servizo operativo no Edificio Emprendia desde o mes de maio de 2010.



A través do PAIT, na actualidade denominado Red PAE, - <http://www.uninova.org/ga/pait.asp> - Uninova presta servizos de asesoramento integral e información aos emprendedores, realiza os trámites de constitución de empresas de forma telemática, baixo as formas xurídicas de: S.R.L., S.L.N.E e autónomos.

Ao longo do ano 2014 constituíronse, entre os meses de marzo e agosto, un total de tres empresas baixo a forma xurídica de Sociedade Limitada:

- **INICIATIVA E. NOVA, SOCIEDAD LIMITADA**
- **DETECTION AND RADIATION TECHNOLOGIES, S.L.**
- **I-GRAPE LABORATORY, S.L.**

Esta previsto a constitución, a longo do mes de marzo de 2015 de dúas novas empresas:

- **TASTE LAB**
- **IMA-GAMES**

## 2.3 INCUBACIÓN

### 2.3.1 ESPAZOS EDIFICIO EMPRENDIA

Dende o ano 2010 Uninova está a tramitar e xestionar as solicitudes de espazo no Edificio Emprendia.

Os proxectos empresariais interesados en emprazarse no edificio Emprendia deben, en primeiro lugar, formalizar a súa candidatura presentando unha solicitude de



espazo á Universidade. A continuación, dende Uninova en colaboración coa AVTE (Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento da USC), elaborase un informe de viabilidade do proxecto, de acordo co plan de empresa presentado, e emitírase un ditame sobre a conveniencia ou non da súa entrada.

Finalmente será a Comisión de Actividades e Servizos de I+D da USC a encargada de aprobar todas as peticións de acordo cos criterios establecidos pola Universidade. Con cada solicitude aprobada por esta Comisión, o persoal de Uninova xestiona a formalización do contrato de arrendamento. O total de novos contratos asinados ao longo do ano 2014 foi de sete que se describen a continuación:

- **SOFTWARE 4 SCIENCE DEVELOPMENTS, S.L.**, unha spin-off da USC dedicada ao deseño, desenvolvemento e comercialización de programas informáticos para o ámbito científico; servizos de aloxamento de datos e tarefas de cómputo; consultaría informática e científica; asistencia técnica, formación e divulgación de contidos de carácter científico e tecnolóxico.
- **TECNICAS ANALÍTICAS GALICIA, S.L.**, spin-off da USC dedicada á comercialización de produtos e servizos relacionados con ensaios técnico/analíticos, asesoramento científico e normativo, así como investigación, desenvolvemento e innovación para os sectores: alimentario, farmacéutico, cosmético, envasado e materiais.
- **FAZ CULTURA-DESENVOLVEMENTO-INNOVACIÓN, S.L.**, spin-off da USC dedicada á realización de actividades de consultaría empresarial, de investigación e innovación.


- **ALVARIZA ASISTENCIA TÉCNICA AMBIENTAL, S. L.**, spin-off da USC dedicada á prestar asistencia técnica en plans e proxectos de ordenación, xestión ou conservación de recursos naturais e do territorio e en proxectos de enxeñería con incidencia no medio natural. Outras actividades serán o deseño e execución de programas de formación, divulgación e sensibilización ambiental, así como os procesos participativos asociados e o desenvolvemento de proxectos de I+D+I na área de conservación da biodiversidade e das relacións ecolóxicas, aplicada en sectores con incidencia no Medio Natural.
- **BIOSTATECH, ADVICE, TRAINING & INNOVATION IN BIOSTATISTICS, S.L.**, spin-off da USC dedicada ao asesoramento metodolóxico e bioestatístico, á formación en técnicas e ferramentas estatísticas, a desenvolver técnicas de aceleración computacional e software, e a realizar investigación na mellora de técnicas e ferramentas estatísticas para a súa aplicación en distintas áreas de coñecemento de tipo experimental
- **I-GRAPE LABORATORY, S.L** spin-off da USC que ten por obxecto social a produción e comercialización de extractos de orixe natural para o seu uso en sectores como o da saúde, o coidado persoal, a cosmética, o alimentario e o nutracéutico; servizos de consultoría científica e servizos de asistencia técnica relacionados co procedemento de uso dos seus produtos nas mencionadas industrias.
- **DETECTION AND RADIATION TECHNOLOGIES, S.L.** spin-off da USC con obxecto social a investigación, o desenvolvemento e a innovación, ensamblaxe e comercialización de detectores de radiación para uso médico e industrial, así como a prestación de servizos de asistencia técnica asociados.

Así mesmo, hai que subliñar que se seguiu a traballar cos usuarios emprazados no Edificio Emprendia desde anos anteriores e que aínda permanecen no mesmo:

| USUARIO   | Entrada no Emprendia |
|---|----------------------|
| PROGRAMA UNIEMPRENDE  | setembro 2009        |
| UNIRISCO GALICIA, S.C.R., S.A.                                  | outubro 2009         |
| UNINVEST, SOCIEDAD GESTORA DE ENTIDADES DE CAPITAL RIESGO, S.A. | outubro 2009         |

|   |                  |
|---|------------------|
| DEPARTAMENTO DE FARMACOLOXÍA <sup>1</sup> | outubro 2010     |
| REDEMPRENDIA                              | 1 abril 2012     |
| BIOVÍA CONSULTOR AMBIENTAL, S.L.          | 12 abril 2012    |
| NASCALE                                   | 2 marzo 2012     |
| FUNDACIÓN CETAQUA                         | 16 novembro 2012 |
| CILENIS, SL                               | 18 marzo 2013    |
| DEROCERAS, SL                             | 23 decembro 2013 |


O promedio de nivel de ocupación dos espazos situados na ala leste (zona seca) do Edificio Emprendia ao longo do ano 2014 foi dun 74,72%. No que respecta aos módulos ubicados na ala oeste (zona húmida), o nivel de ocupación no mesmo período ascende a un 54,69%. Nos seguintes gráficos amosase o nivel de ocupación dos distintos espazos por meses e alas.



Fuente: Elaboración propia.

<sup>1</sup> Emprazamento temporal mentres se levan a cabo reformas na Facultade de Farmacia.





Fuente: Elaboración propia.

Uninova, como entidade responsable da xestión dos espazos do edificio Emprendia, coordina a prevención de riscos laborais co Servizo de Prevención de Riscos Laborais da USC levando a cabo, ademais das actividades informativas ao persoal interno e a coordinación de actividades empresariais cos usuarios externos, a elaboración das medidas correctivas que proceden en cada avaliación de PRL (inicial ou de seguimento), o seguimento da súa implantación e a coordinación do plan de autoprotección do edificio.

Esta prevista a entrada de dous novos usuarios no primeiro trimestre de 2015, en concreto trátase das empresas constituídas recentemente:

- **CELTALGA EXTRACT, S.L.** spin-off da USC con obxecto social a fabricación e comercialización de extractos de algas.
- **SITUM TECHNOLOGIES, S.L.** spin-off da USC co seguinte obxecto social: “actividades de programación informática, presentación de servizos relacionados coas tecnoloxías da información e a informática, entre outros, a programación e a consultoría informática. Fabricación de aparatos e equipos electrónicos, máquinas e outros relacionados coa informática e a tecnoloxía. Comercio ao por maior e polo miúdo de material e todo tipo de aparatos eléctricos, relacionados coa tecnoloxía e o software, novos ou usados. A intermediación nacional e internacional de comercio. Servizos prestados de apoio a empresas. Investigación e desenvolvemento de tecnoloxía ”.



### 2.3.2 INCUBACIÓN VIRTUAL

Dende Uninova ofrecese aos emprendedores do ámbito universitario a posibilidade de contratar os servizos de incubación virtual, nos que se ofrece o mesmo tipo de asesoramento e seguimento que se lles presta aos emprendedores en incubación física coa única salvedade de que non se inclúe a oferta de espazo físico, aínda que si a utilización dos espazos de uso común como as salas de reunións ou a aula de formación do Edificio Emprendia.

Os servizos de incubación virtual son os seguintes:

- Tramitación da constitución da empresa a través do servizo PAE.
- Asesoramento empresarial e seguimento do proxecto.
- Acceso á oferta formativa de Uninova:
  - o Accións formativas propias
  - o Xornadas de ámbito empresarial
  - o Información continua sobre outras accións de interese impartidas por distintas entidades
- Domiciliación social e fiscal da empresa.
- Servizo de información de axudas.
- Servizo de atención telefónica.
- Conta de correo electrónico co dominio uninova.org
- Inclusión dunha ficha da Empresa na web de Uninova.
- Participación en actividades vinculadas a proxectos de ámbito local, autonómico, nacional e internacional.
- Recepción da correspondencia e paquetería a portes pagados no horario de atención ao público.

Durante o ano 2014 Uninova conta, na modalidade de incubación virtual, cos seguintes proxectos:

- HIDROVERMI, S.L.
- QRL - Quality Reliable Lab Services, S.L.
- BIOVÍA Consultor Ambiental, S.L.
- CILENIS, S.L.
- INDROPS Laboratorio de Análises e Calidade Medioambiental, S.L.
- BIOSTATECH, Advice, Training & Innovation in Biostatistics, S.L.
- FAZ Cultura-Desenvolvemento-Innovación, S.L.
- ALVARIZA Asistencia Técnica Ambiental, S.L.

- DERO CERAS, S.L.

Nos tres primeiros meses de 2015 o número de empresas incubadas virtualmente reduciuse en dúas: QRL - Quality Reliable Lab Services, S.L. que deixou a actividade e FAZ Cultura-Desenvolvemento-Innovación, S.L que deixou de ser spin off da universidade.

## 2.4 PROGRAMAS DE MOBILIDADE INTERNACIONAL

### 2.4.1 ERASMUS FOR YOUNG ENTREPRENEURS

#### Erasmus for Young Entrepreneurs


O programa europeo de intercambio de emprendedores e empresas Erasmus para Novos Emprendedores Emprendedores) é unha iniciativa

da Unión Europea na que UNINOVA participa como entidade intermediaria desde o ano 2010 ofrecendo apoio e asesoramento a aqueles emprendedores que amosan interese en participar no mesmo.

Este programa permite a emprendedores adquirir cualidades relevantes para a xestión dunha PEME a través de estancias en empresas doutros países europeos. Así, emprendedores que contan cun plan de empresa ou empresarios cunha peme de menos de tres anos de existencia poden realizar unha estada formativa de entre 1 e 6 meses cun empresario experimentado doutro país da Unión Europea. O obxectivo da UE é contribuír a mellorar e promover a transferencia transfronteiriza de coñecemento e experiencia entre emprendedores.

En total ao longo do ano 2014 rexistráronse na plataforma do Programa un total de 12 novos emprendedores e 4 novas empresas, sendo o número de persoas ás que se fixo chegar información do programa foi de 206. Neste período xestionáronse 19 bolsas que permitiron a mobilidade de novos emprendedores en diferentes países da Unión Europea tal e como se amosa no seguinte gráfico:



### Países de destino dos emprendedores



Tamén se xestionaron neste período un total de 4 intercambios de acollida procedentes: dous de Portugal, un de Italia e un de Suecia. Tamén se xestionaron outros dous intercambios que finalmente non se levaron a cabo por decisión dos emprendedores por diferentes motivos.

Así mesmo, hai que subliñar que se seguiu a traballar con un emprendedor que xa iniciaran a súa estancia no ano 2013 e que a remataron nos primeiros meses do 2014. Con respecto aos países de destino preferidos polos emprendedores, no ano 2014 destacan sobre os demais Portugal e Italia seguidos moi de preto por Alemaña.

Segundo datos publicados pola Comisión Europea a finais de maio de 2014 Uninova figuraba, en relación aos intercambios xestionados, no oitavo posto entre os mellores organismos intermedios para o ciclo 5 e no posto catorce para o ciclo 4 tamén xestionado en parte no ano 2014. Estes datos quedan reflexados nas seguintes gráficas elaboradas pola Comisión:



No ano 2014 presentouse nova candidatura a unha nova edición do Erasmus co mesmo consorcio co que se estivo a traballar en todos os ciclos. Nesta convocatoria, o proxecto foi denegado, polo que ao longo do 2015 non se levarán a cabo intercambios, procedendo unicamente á elaboración dos informes finais correspondentes á edición 2014.

## 2.4.2 REDEMPRENDIA



Desde Uninova elaborouse a proposta de posta en marcha do programa “Novos Emprendedores: Aprendendo a Emprender” actualmente denominado Booster-E así como, a documentación necesaria para o seu desenvolvemento. Esta iniciativa pretende

promover o intercambio de experiencias, a aprendizaxe intercultural e a formación e xeración de contactos internacionais entre persoas emprendedoras que están pensando en transformar en empresa o seu proxecto empresarial. As estancias formativas desenvolveranse en empresas xa consolidadas e vinculadas aos membros de RedEmprendia (dentro do ámbito iberoamericano).

O programa púxose en marcha en maio de 2011 e desde ese momento ata a actualidade, coordínase o mesmo dende Uninova. Participase na súa implantación, na selección de candidatos, na formalización das estancias elaboración dos informes finais, etc...



### Coordinadores del programa

Universidade de Santiago de Compostela

Universidade de São Paulo

Unidad de Valorización y Transferencia / UNINOVA

Agência USP de Inovação

Correo electrónico: [monica.suarez@usc.es](mailto:monica.suarez@usc.es)

Correo electrónico: [polo.rp@usp.br](mailto:polo.rp@usp.br), [dir-inovacao@usp.br](mailto:dir-inovacao@usp.br)

Telf. +34 881 815 593

Telf. +55 16 3602 4591

No mes de abril de 2014 asinouse unha nova prórroga, ao contrato inicial, para a coordinación da IV edición do programa que a partires de este ano pasará a denominarse “Booster E”. Ao igual que en anos anteriores a coordinación do programa implica: a xestión da totalidade das solicitudes de participación recibidas, a coordinación da totalidade das bolsas que se concederán, a revisión e avaliación de todas as solicitudes presentadas e redacción das actas das reunións mantidas para o outorgamento das bolsas así como a comunicación ás distintas universidades.

O papel de coordinación de todas as estadias implica ademais do rexistro de todos os movementos e consultas dos beneficiarios do Programa, ofrecer apoio e comunicación ás distintas universidades participantes, elaboración de informes, presentación de resultados nas reunións do comité técnico e rexistro dos pagamentos. Na edición 2014 presentáronse un total de 159 candidatos, dos que houbo que seleccionar 33 que son o numero de becas outorgadas por RedEmprendia.

Ao longo dos primeiros meses do ano 2014 tamén se estivo a traballar cos beneficiarios da edición 2013 que finalmente estivo prorrogada ata abril de 2014. Na actualidade atopámonos na fase de busca de empresas da edición 2014.